



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **40843**, que figura na orde do día da Comisión 8ª, prevista para o vindeiro 16 de abril de 2019.

Emenda de adición

Engadir un terceiro punto co seguinte texto:

“3.- A presenza directa de representantes da Xunta en todos os foros onde se negocie co Reino Unido aspectos do Brexit que poidan afectar á flota galega.”

Emenda de adición

Engadir un novo apartado co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a Remitir, antes de que remate o presente período de sesións, ao Parlamento a estratexia da Xunta coas medidas adoptadas, e a adoptar, para que o Brexit se converta nunha oportunidade e non nun problema para Galiza.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/04/2019 12:38:20

Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2019 12:38:25



Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como ao Parlamento e ao Consello Europeo, co fin de garantir o acceso aos caladoiros británicos do Gran Sol e das Malvinas na negociación do “Brexit” (doc. núm. 40843).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1º. Continúe a traballar, conxuntamente co sector e co Goberno central, para asegurar a presenza dos intereses da flota galega nos diferentes foros multilaterais e de toma de decisións.

2º. Remita ao Parlamento galego, antes de que remate o actual período de sesións, a Estratexia galega ante o Brexit, na que se contemplen todos os posibles escenarios e as medidas a adoptar en cada un deles.

3º. Remita ao Parlamento de Galicia un informe detallado de todas as xestións realizadas polo Goberno galego desde o referendo do Brexit.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 15/04/2019 16:46:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/04/2019 16:46:37

